

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 6/1998, do 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.*

Engádesse unha nova alínea c) ao punto segundo do artigo 40 da Lei 6/1998, do 13 de abril, de réxime do solo e valoracións, que queda redactado nos seguintes termos:

«c) Que o novo uso consistise na construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.»

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei dítase ao abeiro dos seguintes títulos competenciais do Estado:

Ao abeiro do artigo 149.1.4.^a da Constitución, o seguinte precepto: a disposición adicional terceira.

Ao abeiro do artigo 149.1.5.^a da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 32, 36 e 37.

Ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 39 a 55 e 67.

Ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 1 a 5; 8 a 11; 38; 56 a 66; 68 a 77; disposición adicional segunda e disposición derradeira segunda.

Ao abeiro do artigo 149.1.20.^a, 21.^a e 24.^a da Constitución, o seguinte precepto: o artigo 7.

Ao abeiro dos artigos 149.1.20.^a e 21.^a da Constitución, o seguinte precepto: o artigo 6.1 e 2.

Ao abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 12 a 15; 17 a 29, e disposición adicional primeira.

Ao abeiro do artigo 149.1.29.^a da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 30, 31 e 33 a 35.

2. Os artigos 6.3, 16 e disposición derradeira primeira son de aplicación unicamente á Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

4584 *ORDE ITC/683/2006, do 9 de marzo, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os sistemas para a contaxe e control de afluencia de persoas en locais de pública concorrencia.* («BOE» 62, do 14-3-2006.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España,

réxime ao cal deben someterse en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. A devandita lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, polo que se regula o control metrolóxico que realiza a Administración do Estado.

Esta orde ten por obxecto garantir, desde o punto de vista do establecido no artigo sétimo da citada Lei de metroloxía, os resultados que proporcionan os sistemas para a contaxe e control da afluencia de persoas nos lugares de pública concorrencia, dotando as administracións públicas competentes encargadas do cumprimento do establecido en materia de seguranza pública duns medios técnicos adecuados, sometidos ao control metrolóxico do Estado.

De todo o anteriormente exposto despréndese a necesidade de que, desde o punto de vista metrolóxico, se regulen os requisitos que estes instrumentos deben cumprir para superar o control metrolóxico do Estado e poder ser utilizados para garantir o correcto funcionamento dos sistemas que permitan o control en tempo real da afluencia de persoas en espectáculos e actividades recreativas. As fases de control metrolóxico reguladas por esta orde son as de aprobación de modelo, verificación primitiva, verificación despois de reparación ou modificación, e verificación periódica.

Para a elaboración da norma foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados.

Así mesmo, a presente disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado sobre os sistemas para a contaxe e control de afluencia de persoas nos locais de pública concorrencia que determine a Administración pública competente, en diante denominados «sistemas contadores de persoas».

Artigo 2. *Fases do control metrolóxico.*

O control metrolóxico do Estado sobre os sistemas contadores de persoas comprenderá as seguintes fases: aprobación de modelo, verificación primitiva, verificación despois de reparación ou modificación e verificación periódica.

Artigo 3. *Comercialización e posta en servizo.*

A partir da entrada en vigor desta orde só poderán ser comercializados e postos en servizo os sistemas contadores de persoas a que se refire o artigo 1 que cumpran co disposto nela, sempre e cando estean instalados e mantidos convenientemente e se utilicen de acordo coa súa finalidade.

Artigo 4. Conformidade doutros sistemas.

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, presúmese a conformidade cos requisitos establecidos nos anexos I e II desta orde para aqueles sistemas contadores de persoas procedentes doutros Estados membros da Unión Europea ou orixinarios doutros Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que cumpran cos regulamentos técnicos, normas ou procedementos legalmente establecidos nestes Estados, fosen ensaiados en laboratorios ou organismos autorizados, ou recibisen un certificado destes organismos, sempre e cando os niveis de precisión, seguranza, adecuación e idoneidade sexan equivalentes aos requiridos nesta orde.

2. Para os efectos do cumprimento do establecido no capítulo II da presente orde, a Administración pública competente poderá solicitar a documentación necesaria para determinar a equivalencia mencionada no punto anterior. Cando se comprobe o incumprimento dos requisitos esenciais establecidos nos anexos I e II, a Administración pública competente poderá retirar do mercado os sistemas contadores de persoas.

CAPÍTULO II**Aprobación de modelo****Artigo 5. Solicitude.**

De acordo co establecido no Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, polo que se regula o control metrolóxico que realiza a Administración do Estado e o determinado nesta orde, poderán solicitar a aprobación de modelo dos sistemas contadores de persoas, os fabricantes, importadores ou calquera persoa á cal se lle poida imputar o cumprimento das obrigas derivadas da aprobación do devandito modelo.

Artigo 6. Execución.

A aprobación de modelo será levada a cabo polos servizos das administracións públicas competentes, ou polos organismos ou entidades autorizados por elas, que contén cos medios necesarios para executar os cometidos que se establecen nesta orde.

Artigo 7. Requisitos.

A aprobación de modelo será concedida unha vez cumpridos os requisitos formais exixidos polo título I do Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, así como os requisitos metrolóxicos e as características técnicas fixadas no anexo I desta orde, unha vez realizados e superados satisfactoriamente os ensaios referidos no punto 2 do anexo II.

Artigo 8. Erros máximos permitidos.

Os erros máximos permitidos nos ensaios inherentes á aprobación de modelo serán os indicados no punto 5 do anexo I.

Artigo 9. Signo de aprobación de modelo.

Todos os sistemas contadores de persoas fabricados consonte un modelo aprobado levarán o signo de aprobación de modelo, establecido no anexo I do Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro.

Artigo 10. Placa de características.

Todo sistema contador de persoas fabricado consonte un modelo aprobado deberá levar unha placa metálica ou

de calquera outro material, en que figurarán como mínimo as inscricións obrigatorias a que se refire o punto 8 do anexo I.

CAPÍTULO III**Verificación primitiva****Artigo 11. Suxeitos obrigados.**

Os fabricantes, importadores ou persoas a que se refire o artigo 5, unha vez obtida a aprobación de modelo dun sistema contador de persoas, antes da súa comercialización ou posta en servizo, están obrigados a presentar á verificación primitiva todos os instrumentos fabricados de acordo con ela.

Artigo 12. Ensaíos e execución.

1. A verificación primitiva consistirá na comprobación do cumprimento dos requisitos formais establecidos no título II do Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro. Ademais, os sistemas contadores de persoas deberán superar as comprobacións e os ensaios que se prevén no punto 3 do anexo II desta orde.

2. A verificación primitiva será levada a cabo polos servizos das administracións públicas competentes ou organismos por elas autorizados ou, baixo o seu control, polos laboratorios de verificación metrolóxica oficialmente autorizados.

Artigo 13. Erros máximos permitidos.

Na verificación primitiva a porcentaxe de fallos nas indicacións gobernadas polo sistema contador de persoas non deberá superar o $\pm 5\%$ (5 en 100).

Artigo 14. Declaración de conformidade e efectos.

1. A superación da verificación primitiva dará lugar a que o sistema contador de persoas sexa declarado conforme para o seu cometido, mediante documento emitido pola Administración pública competente ou organismo autorizado.

2. A superación da verificación primitiva dun sistema contador de persoas permite a súa comercialización e posta en servizo. Ademais, producirá os efectos de verificación periódica en canto a prazo de validez.

Artigo 15. Precintaxe e marcaxe.

Os sistemas contadores de persoas que superasen o control de verificación primitiva serán precintados de acordo co establecido na súa aprobación de modelo, colocándose sobre eles as marcas referidas no anexo II do Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro.

CAPÍTULO IV**Verificación despois de reparación ou modificación****Artigo 16. Alcance.**

Tendo en conta as peculiares características técnicas e metrolóxicas destes instrumentos, para poder efectuar a súa reparación ou modificación será necesaria a substitución completa do sensor ou sensores do sistema contador de persoas, e non se permitirá baixo ningunha circunstancia a modificación ou a reparación dos seus compoñentes, e por iso, para os efectos do disposto nesta orde e en especial no presente capítulo, enténdese como verificación despois de reparación ou modificación a realizada despois de substituír o sensor de captación.

Artigo 17. Reparadores autorizados.

A reparación ou modificación dos sistemas contadores de persoas só poderá ser realizada por unha persoa ou entidade inscrita como reparador no Rexistro de Control Metrolóxico, conforme o establecido no Real decreto 914/2002, do 6 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Control Metrolóxico.

Artigo 18. Actuacións dos reparadores.

A persoa ou entidade que reparase ou modificase un sistema contador de persoas, unha vez comprobado o seu correcto funcionamento e que as súas medicións se encontran dentro dos erros máximos permitidos, colocará novos precintos en substitución dos que tivese que levantar para levar a cabo a reparación ou modificación.

Artigo 19. Suxeitos obrigados e solicitudes.

1. Unha vez reparado ou modificado un sistema contador de persoas, o seu posuidor deberalle comunicar a devandita reparación ou modificación á Administración pública competente, indicando o obxecto da reparación e especificando os elementos substituídos e os axustes e controis efectuados. Previamente á súa nova posta en servizo deberá solicitar a súa verificación.

2. A solicitude de verificación presentarase acompañada do boletín establecido no anexo III desta orde, debidamente cuberto e asinado pola persoa física ou xurídica en que recaia a responsabilidade da verificación, para os efectos da identificación do sistema contador de persoas e do seu posuidor.

Artigo 20. Ensaio e execución.

1. Os ensaios que cómpre realizar na verificación despois de reparación ou modificación serán os mesmos que os que se efectúan na segunda fase da verificación primitiva, isto é, despois da instalación. Estes ensaios serán executados polos servizos das administracións públicas competentes ou organismos por elas autorizados.

2. Ademais dos ensaios mencionados, o sistema contador de persoas deberá superar tamén un exame administrativo, consistente na súa identificación completa e a comprobación de que reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Este exame será efectuado tomando como base a información achegada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo III. Comprobarase especialmente que o sistema contador de persoas posúe a aprobación de modelo, así como a placa de características a que se refire o artigo 10 desta orde. Igualmente, deberase acreditar que superou a verificación primitiva.

Artigo 21. Erros máximos permitidos.

Os erros máximos permitidos na verificación despois de reparación ou modificación serán os mesmos que se toleran na verificación primitiva.

Artigo 22. Conformidade.

1. Superada a verificación, a Administración pública competente ou os organismos por ela autorizados declarará a conformidade do sistema contador de persoas para efectuar as medicións propias da súa finalidade, mediante a emisión dun certificado que acredite a verificación efectuada e o seu resultado positivo. Así mesmo, en lugar visible do sistema contador de persoas ou da súa instalación, levarase a cabo a adhesión dunha etiqueta de verificación que deberá reunir as características e os requisitos establecidos no anexo IV.

2. A verificación despois de reparación ou modificación producirá os efectos da verificación periódica no referente a prazo de validez.

Artigo 23. Non-superación da verificación.

1. Cando un sistema contador de persoas non supere a verificación despois de reparación ou modificación como consecuencia de deficiencias detectadas no seu funcionamento, deberá ser posto fóra de servizo ata que se emenden as devanditas deficiencias ou retirado definitivamente de uso no caso de que estas non sexan emendadas.

2. A Administración pública competente ou os organismos ou entidades por ela autorizados adherirán ao instrumento, en lugar visible, unha etiqueta de inhabilitación para o seu uso, cuxas características se determinan no anexo V.

CAPÍTULO V**Verificación periódica****Artigo 24. Suxeitos obrigados e solicitudes.**

1. Os posuidores de sistemas contadores de persoas en servizo estarán obrigados a solicitar a súa verificación periódica antes de finalizados os dous anos da súa primeira posta en servizo, quedando prohibido o seu uso no caso de que non se supere. O prazo de validez da devandita verificación será de dous anos.

2. A solicitude de verificación periódica presentarase perante a Administración pública competente, acompañada do boletín establecido no anexo III desta orde, debidamente cuberto e asinado pola persoa física ou xurídica en que recaia a responsabilidade da verificación, para efectos da identificación do sistema contador e do seu posuidor.

Artigo 25. Ensaio e execución.

1. Os ensaios que se van realizar na verificación periódica serán os indicados no punto 2.4.c) do anexo II. Estes ensaios serán executados polos servizos das administracións públicas competentes ou por organismos por elas autorizados.

2. Ademais dos ensaios mencionados, o sistema contador de persoas deberá superar tamén un exame administrativo, consistente na súa identificación completa e na comprobación de que reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Este exame será realizado tomando como base a información achegada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo III. Comprobarase especialmente que o sistema contador de persoas posúe a aprobación de modelo, así como a placa de características a que se refire o artigo 10 desta orde. Igualmente, deberase acreditar que superou a verificación primitiva.

Artigo 26. Erros máximos permitidos.

A porcentaxe de fallos nas indicacións gobernadas polo sistema contador de persoas na verificación periódica non deberá superar o $\pm 6\%$ (6 en 100).

Artigo 27. Conformidade.

1. Superada a verificación periódica, a Administración pública competente declarará a conformidade do sistema contador de persoas para efectuar as medicións propias da súa finalidade mediante a emisión dun certificado que acredite a verificación efectuada e o seu resultado positivo. Comprobarase, ademais, a colocación dos

novos precintos en substitución dos que fose necesario levantar para levar a cabo a verificación.

2. Así mesmo, en lugar visible do sistema contador de persoas ou da súa instalación, levarase a cabo a adhesión dunha etiqueta de verificación, que deberá reunir as características e os requisitos establecidos no anexo IV.

Artigo 28. *Non-superación da verificación.*

1. Cando un sistema contador de persoas non supere a verificación periódica como consecuencia de deficiencias detectadas no seu funcionamento, deberá ser posto fóra de servizo ata que se emenden as devanditas deficiencias ou retirado definitivamente de uso no caso de que estas non sexan emendadas.

2. A Administración pública competente, ou os organismos ou entidades por ela autorizados, adherirá ao instrumento, en lugar visible, unha etiqueta de inhabilitación para o seu uso, cuxas características se determinan no anexo V.

Disposición adicional única. *Normativa xeral de aplicación aos procedementos administrativos.*

Os procedementos administrativos a que dean lugar as actuacións reguladas nesta orde rexeranse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas particularidades dispostas no Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, e a presente orde, así como na lexislación específica das administracións públicas competentes.

Disposición transitoria única. *Instrumentos en servizo.*

Os sistemas contadores de persoas que xa se encontran en servizo no momento da entrada en vigor desta orde e cuxos modelos cumpran coas regras técnicas, normas ou procedementos a que se refire o artigo 4, poderán seguir sendo utilizados sempre que superen satisfactoriamente a fase de control metrolóxico regulada no capítulo V e cumpran co establecido no punto 7 do anexo I.

Para a regularización dos restantes sistemas contadores de persoas que se encontran en servizo, establécese un prazo de tres anos desde a entrada en vigor da presente orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesas e medidas.

Disposición derradeira segunda. *Autorización para a modificación do contido técnico da orde.*

Autorízase o secretario xeral de Industria para, mediante resolución, modificar os erros máximos permitidos fixados nos artigos 13 e 26, así como para introducir nos anexos á presente orde cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para manter adaptado o seu contido ás innovacións técnicas que se produzan.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de marzo de 2006.

MONTILLA AGUILERA

ANEXO I

Características técnicas, prescricións metrolóxicas e inscricións

Características técnicas

1. Terminoloxía.

1.1 Sensor de captación.—Dispositivo que forma parte do sistema de medida e que detecta o paso de persoas a través dunha porta ou zona de acceso, emitindo un sinal que serve para accionar un contador.

Dependendo da súa localización e modo de detección, pódense clasificar en dous grupos ben diferenciados:

1.1.1 Sensores non intrusivos.—Son sensores que se instalan normalmente na parte superior das zonas de paso, sen contacto físico coas persoas que adoitan pasar inadvertidas. Poden ser:

a) Infravermellos.—Establecen un feixe de luz infravermella que crea unha barreira luminosa invisible. O sistema contará unha persoa cada vez que unha persoa atravesara o feixe luminoso. Utilízanse en entradas de grandes dimensións e grandes aforos, cines, teatros etc. e xeralmente van dispostos en barras multisensores.

b) Térmicos.—Detectan a calor emitida pola xente que pasa. Determinan dúas zonas ou limiares de medición para establecer a dirección de paso.

c) De vídeo.—Utiliza cámaras discretas para controlar o volume de tránsito en ambos os sentidos. A súa localización está determinada polo nivel de iluminación do local.

1.1.2 Sensores electromecánicos ou intrusivos.—Son sensores que se instalan normalmente nos laterais das zonas de tránsito, permitindo ou impedindo o paso. Por razóns de seguranza, irán dotados de sistemas antipánico ou dispositivos de desbloqueo automático ante cortes eléctricos, incendios ou outras emerxencias. Poden ser:

a) De torniquete.—Dotados xeralmente de tres brazos ou pancas que se pregan por razóns de seguranza en caso de alarma ou emerxencia, acciónanse por rotación de modo manual e individual.

O control de funcionamento, que pode ser en ambos os sentidos, realízase mediante un sistema electromecánico, con mecanismos que:

Bloquean ou preveñen dous pasos simultáneos. Garanten a rotación completa ata a posición de repouso.

Evitan a rotación inversa unha vez que o mecanismo avanzou 60° desde a súa posición de repouso.

Utilízanse en zonas de grandes tránsitos de persoas: locais comerciais, aeroportos, metros etc.

b) De portas motorizadas.—Son portas para o control de paso de persoas. Ao recibir un sinal desde un sistema de control de acceso ou dun botón que se preme, a porta desbloquéase para permitir o paso. Ao premer sobre o panel, o motor arrinca e ordena unha rotación de 120° mínimo ata a súa posición seguinte. O sistema bloquearase ante intentos de manipulación e desbloquearase en casos de emerxencia.

1.2 Calculador.—Dispositivo que recibe os sinais do sensor e, posiblemente, doutros dispositivos asociados,

os procesa e almacena en memoria os resultados ata que se utilizan.

Tamén inclúe a totalización dos resultados.

1.3 Dispositivo indicador.—É a parte do sistema que visualiza continuamente os resultados de medida.

2. Construción.

2.1 Robustez mecánica.—Os sistemas contadores de persoas deben estar solidamente fabricados. Os materiais utilizados deben garantir a suficiente resistencia e estabilidade co fin de manter as súas características metrolóxicas.

2.2 Resistencia ás condicións climáticas:

a) Cando os sistemas contadores de persoas están fóra de servizo deben poder soportar temperaturas ambientais de $-25\text{ }^{\circ}\text{C}$ a $+70\text{ }^{\circ}\text{C}$.

b) O fabricante debe indicar os límites de temperatura ambiente entre os cales o sistema contador de persoas funciona con erros dentro dos límites permitidos. Se estes límites de temperatura son superados, deben automaticamente quedar fóra de servizo e indicar un sinal de alarma. A marxe debe incluír ao menos ($-10\text{ }^{\circ}\text{C}$ + $55\text{ }^{\circ}\text{C}$).

2.3 Fiabilidade de compoñentes electrónicos e lóxicos.—Os sistemas contadores de persoas deben soportar perturbacións eléctricas e estar protexidos fronte a fallos electrónicos.

3. Requisitos funcionais.

3.1 Instalación.—Os sensores que se instalen na parte superior da zona de entrada determinarán zonas horizontais despexadas e evitarán reflexións das portas ou doutros compoñentes electrónicos que poidan dar lugar a falsas contaxes.

Deberán ir provistos de indicadores luminosos que se usarán inicialmente para axuste do sistema e que servirán como indicadores de advertencia para alertar a usuario de calquera problema de contaxe ou de comunicación cos outros dispositivos de rexistro ou de control.

Estes instrumentos poderán dispoñer de dispositivos complementarios ou de control que garantan unha correcta colocación ou disposición dos seus sensores de captación, co obxecto de superar os erros máximos permitidos.

3.2 Interfaces.—Un sistema contador de persoas pode ir equipado con interfaces que permitan a ensamblaxe do instrumento a calquera dispositivo periférico ou a outros instrumentos.

Unha interface non permitirá funcións metrolóxicas do sistema contador de persoas e dos seus datos que poidan estar inadmisiblemente influenciadas por dispositivos periféricos, por outros instrumentos interconectados ou por perturbacións que actúen sobre del.

3.3 Variación da tensión de alimentación.—Un sistema contador de persoas debe almacenar os valores rexistrados, ao menos por un ano, se se desconecta da súa alimentación.

4. Protección.

4.1 Comunicaci3ns:

a) Se o sistema contador de persoas é capaz de comunicarse con outros dispositivos externos ou internos a este, as interfaces necesarias para estas comunicacións deberán estar protexidas de tal maneira que non interfiran no funcionamento normal do contador de persoas.

b) A transferencia de datos a un sistema de control central só será posible se o sistema contador de persoas protexe estes datos contra calquera interferencia, xa sexa accidental xa deliberada, na transmisión.

c) A transferencia de datos desde un sistema de control central, deberá cumprir os seguintes requisitos:

Todas as partes deste sistema de control central que teñan relevancia metrolóxica estarán sometidas a esta orde.

O sistema contador de persoas débelle comunicar ao sistema central a evidencia de recepción de datos correctos. Esta evidencia será facilmente comprobable en calquera momento, tanto no sistema contador de persoas como no sistema central.

4.2 Software.—O software do sistema que teña relevancia metrolóxica, programas, parámetros ou datos específicos que pertencen ao sistema de medida identificarase cun número de versión, que se irá adaptando ou modificando ante calquera cambio do software que poida afectar as funcións e precisión do contador.

Cando o acceso a parámetros que interveñen na determinación dos resultados de medida non poida estar protexido por precintos ou outros medios de seguranza de hardware, para garantir esta protección deberase ter en conta o seguinte:

a) O acceso só se lle permitirá a persoal autorizado, por medio de códigos de acceso, claves ou contrasinais que poidan ser configurables.

b) Rexistrarse ou memorizarse, ao menos, a última intervención dun operador. O rexistro incluírá, cando menos, a data e un medio de identificación da persoa autorizada que realiza a intervención.

Prescrici3ns metrol3xicas

5. Erros máximos permitidos (emp).—O erro máximo permitido do sistema contador de persoas é igual, en máis ou en menos, a un 3 % (3 en 100).

Debido ao sistema de comunicación, contador-sensor de captación, existirá un protocolo bidireccional; se este non se cumpre, o sistema contador de persoas deixa o sistema fóra de servizo, provocando unha alarma en forma de sinal acústico e/ou luminoso.

6. Características operacionais.—O sensor de captación-contador debe ser un conxunto compacto con garantía de inviolabilidade, apto para o seu ensaio independente do resto do sistema e realizar, como mínimo, as seguintes funcións:

Detección de adecuados impulsos eléctricos e transdución, de ser o caso, deles de acordo cos requisitos propios da tecnoloxía do contador.

Totalización ou modificación do estado do contador.

Rexistro ou almacenamento dos datos acumulados.

O sistema contador de persoas deberá operar correctamente se o rango de tensión varía entre $\pm 20\%$ da tensión nominal do instrumento.

Nota: A tensión mínima de operación (V_{\min}) defínese como a tensión de operación máis baixa posible especificada polo fabricante.

O sistema contador de persoas deberá ser insensible aos cambios de temperatura, diferentes humidades e a perturbacións mecánicas e eléctricas. Asíse que o contador de persoas cumpre este requisito se pasa satisfactoriamente os ensaios do punto 2 do anexo 2.

7. Precintos.—Deben poder ser precintados aqueles elementos onde a manipulación pode conducir a erros de medida ou a unha redución da seguranza metrolóxica.

Na memoria técnica presentada para a aprobación de modelo indicarase o lugar destes precintos, así como a súa natureza.

O deseño destes precintos será tal que, a non ser que se destrúan fisicamente, evitarán o acceso a compoñentes que sexa necesario protexer.

Inscripcións

8. Inscripcións obrigatorias.—Os sistemas contadores de persoas deben presentar as seguintes indicacións indelebles e lexibles:

- Nome ou marca rexistrada do fabricante ou do seu representante.
- Nome do modelo, n.º de serie e ano de fabricación.
- Espazo para a marcación oficial.

9. Inscripcións optativas.—Os sistemas contadores de persoas poderán levar, ademais, inscricións autorizadas pola Administración pública competente, sempre que as devanditas inscricións non entorpezan a lectura das indicacións subministradas polo instrumento.

ANEXO II

Procedemento de aprobación de modelo e de verificación

Aprobación de modelo

1. Requisitos.

A aprobación de modelo dos sistemas contadores de persoas deberase efectuar de acordo co disposto no Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro.

Os ensaios levaranse a cabo sobre o equipamento completo, para o cal se deberán presentar todas as partes integrantes do instrumento. Xunto co equipamento achegarase unha memoria técnico-descritiva do funcionamento do sistema contador de persoas e un conxunto de simulación adecuado a cada tipo de contador para a realización dos ensaios de simulación de contaxe, así como tamén un módulo de memoria co programa que goberna o contador de persoas, que non poderá ser modificado, co obxecto de comparar o seu contido cos módulos presentados en cada proceso de verificación posterior.

2. Ensaos.

2.1 Exame da conformidade con esta orde e coa documentación subministrada.—Examinarase a documentación e realizaranse ensaios para verificar que o sistema contador de persoas cumpre con:

a) Requisitos metrolóxicos, particularmente con referencia aos límites de erro e ás condicións de operación especificadas polo fabricante.

b) Requisitos técnicos.

c) Requisitos para os instrumentos electrónicos.

Comprobarase a eficacia dos precintos e as proteccións contra unha intervención non autorizada sobre o sistema contador de persoas.

2.2 Ensaos en laboratorio.—Condicións nominais:

O fabricante especificará as condicións nominais de funcionamento aplicables ao instrumento.

En particular, a clase de contorno climático, que corresponde ao rango: $-10\text{ }^{\circ}\text{C}$ a $55\text{ }^{\circ}\text{C}$; a clase de contorno mecánico, en que o instrumento se debe en principio utilizar, e os límites da subministración de alimentación para os cales se concibiu o instrumento.

2.2.1 Ensaos de funcionamento:

a) Funcionamento xeral: comprobación dos diferentes dispositivos de mando e o dispositivo indicador.

b) Alarma de tensión: comprobación da alarma do sistema contador de persoas ante variacións da tensión de alimentación por debaixo dos límites establecidos.

2.2.2 Ensaio de simulación de contaxe por inxección de sinais apropiados:—Este ensaio consiste en comprobar a cadea de medida do sistema contador de persoas, por comparación entre as contas obtidas ao inxectar sinais simulados representativos do sensor de captación, coas indicacións presentadas polo instrumento sometido a ensaio. O erro neste ensaio non debe superar o 0,1 % (1 en 1.000).

2.3 Ensaos de factores de influencia e perturbacións.—Os procedementos aplicables aos programas descritos a continuación sobre os ensaios estarán conformes coas edicións máis recentes dos documentos normativos ou normas harmonizadas aprobadas internacionalmente.

2.3.1 Programa 1. Ensaos en contorno climático.

a) Calor seca:

Normativa aplicable: IEC 60068-2-2 e IEC 60068-3-1.

Obxecto: consiste nunha exposición do sistema contador de persoas en condicións de operación a unha temperatura de $+55\text{ }^{\circ}\text{C}$ durante 2 horas.

b) Frío:

Normativa aplicable: IEC 60068-2-1 e IEC 60068-3-1.

Obxecto: consiste nunha exposición do sistema contador de persoas en condicións de operación a unha temperatura de $-10\text{ }^{\circ}\text{C}$ durante 2 horas.

c) Calor húmida:

Normativa aplicable: IEC 60068-2-30 e IEC 60068-3-4.

Obxecto: consiste nunha exposición do sistema contador de persoas en condicións de operación a variacións cíclicas de temperatura entre $25\text{ }^{\circ}\text{C}$ e $55\text{ }^{\circ}\text{C}$, mantendo a humidade relativa entre 93 % e 95 %.

Realizaranse dous ciclos deste ensaio.

Despois deste programa de contorno climático, o sistema contador debe funcionar correctamente e respectar os erros máximos permitidos.

2.3.2 Programa 2. Ensaos en contorno mecánico.

(Non aplicable a sistemas contadores de persoas en instalacións fixas):

a) Vibracións aleatorias:

Normativa aplicable: IEC 60068-2-64.

Obxecto: consiste en facer vibrar o sistema contador de persoas en condicións de operación varrendo a frecuencia no rango 10-150 Hz, a un nivel RMS (nivel eficaz total) de aceleración de $1,6\text{ m}\cdot\text{s}^{-2}$, cun nivel DSA (densidade espectral de aceleración) de:

$0,05\text{ m}^2\cdot\text{s}^{-3}$ para 10-20 Hz.

-3 dB /oitava para 20-150 Hz.

Aplicaranse vibracións sucesivamente segundo tres eixes principais perpendiculares entre eixes, cunha duración mínima de 2 minutos por eixe.

Despois deste ensaio, o sistema contador debe funcionar correctamente e respectar os erros máximos permitidos.

b) Choque mecánico:

Normativa aplicable: IEC 60068-2-31.

Obxecto: consiste en deixar caer libremente o sistema contador de persoas en condicións de operación sobre unha das súas arestas na superficie de ensaio desde unha altura de 25 mm.

Despois deste ensaio, non debe ocorrer fallo significativo.

2.3.3 Programa 3. Ensaos de perturbacións electromagnéticas:

a) Variacións da alimentación:

Normativa aplicable: IEC 61000-4-1.

Obxecto: consiste nunha exposición do sistema contador de persoas en condicións de operación a unha variación de tensión da alimentación comprendida na zona de tensións indicadas polo fabricante, e que debe comprender as tensións que van de menos 15% a máis 10% da tensión eléctrica nominal prevista. Non haberá indicación cando a alimentación do contador de persoas varía fóra dos límites establecidos, podendo superar os erros máximos permitidos.

Despois deste ensaio, o sistema contador debe funcionar correctamente e respectar os erros máximos permitidos.

b) Descargas electrostáticas:

Normativa aplicable: IEC 61000-4-2.

Obxecto: consiste en expoñer o sistema contador de persoas en condicións de operación a descargas electrostáticas de contacto de 6 kV, e de 8 kV no aire.

Despois deste ensaio, non debe ocorrer fallo significativo.

c) Refachos eléctricos:

Normativa aplicable: IEC 61000-4-4.

Obxecto: consiste en expoñer o sistema contador de persoas en condicións de operación a refachos de tensión transitoria en forma de onda dobremente exponencial. Cada impulso debe ter un tempo de suba de 5 nanosegundos e unha duración a metade de amplitude de 50 nanosegundos.

A duración do refacho debe ser de 15 milisegundos, cunha periodicidade de 300 milisegundos.

A amplitude do pico do impulso será de 1000 V.

Debe aplicarse durante o tempo necesario para simular 5 velocidades de medida, con erros dentro das marxes permitidas.

Despois deste ensaio, non debe ocorrer fallo significativo.

d) Inmunity electromagnética radiada:

Normativa aplicable: IEC 61000-4-3.

Obxecto: consiste en expoñer o sistema contador de persoas en condicións de operación a campos electromagnéticos radiados no rango de frecuencia 80 MHz a 2000 MHz, cun nivel de intensidade de campo eléctrico de 3 V/m, e unha modulación en amplitude do 80%, onda senoidal de 1 kHz.

Despois deste ensaio, non debe ocorrer fallo significativo.

2.4 Ensaio despois de instalación.—A memoria presentada para unha aprobación de modelo debe explicar os detalles para o posicionamento e axustes do sistema contador de persoas, para todo tipo de instalacións posibles.

O sistema contador de persoas será instalado e utilizado segundo as instrucións que se indican nesa memoria.

a) Aprobación de modelo: en ensaios de aprobación de modelo débense efectuar ao menos 500 medicións en condicións de afluencia real de persoas, baixo condicións de temperatura e humidade diferentes, e, de ser posible, en diferentes días, non debendo superarse os erros máximos permitidos.

b) Verificación primitiva: en ensaios de verificación primitiva, débense efectuar ao menos 100 medicións en condicións de afluencia real de persoas, non debendo superarse os erros máximos permitidos.

c) Verificación periódica: en ensaios de verificación periódica, débense efectuar ao menos 50 medicións en condicións de afluencia real de persoas, non debendo superarse os erros máximos permitidos.

A verificación dos resultados obtidos polo sistema contador de persoas pódese facer mediante un sistema de cámaras de vídeo situadas de tal maneira que rexistre dunha maneira inequívoca a afluencia de persoas ao local obxecto da medición. A gravación realizarase de tal maneira que garanta o anonimato, evitando a identificación das persoas.

Verificacións

3. Procedemento de verificación primitiva.—A verificación primitiva realizarase en dúas fases:

a) Primeira fase, chamada verificación primitiva parcial: consistirá na comprobación da conformidade do instrumento co modelo aprobado, unha análise e comparación da memoria do programa co módulo depositado para estes efectos, no proceso de aprobación de modelo, así como na superación dos ensaios indicados no punto 2.2 do anexo 2 II, nas condicións nominais.

b) Segunda fase, chamada verificación primitiva despois da instalación: consistirá en comprobar a correcta instalación e axuste do instrumento, así como a superación dos ensaios indicados no punto 2.4.b) do anexo II.

A continuación colocarase a marca establecida.

4. Procedemento de verificación periódica:

Os ensaios para a verificación periódica son os indicados no punto 2.4.c) do anexo II.

ANEXO III**Boletín de identificación do contador de persoas****IDENTIFICACIÓN DO TITULAR**

Nome do posuidor.....
Enderezo
Localidade Teléfono

IDENTIFICACIÓN DO INSTRUMENTO

Lugar de localización do instrumento
Fabricante do instrumento
Tipo de instrumento
Marca Modelo Número de serie
Data de instalación
Aprobación de modelo número
Data de aprobación de modelo
Data de verificación primitiva
Autoridade de control da verificación primitiva

ANEXO IV

Etiquetas de verificación

Todo sistema contador de persoas, verificado con resultado positivo, deberá levar adherida, co obxecto de acreditar o cumprimento da verificación periódica e da verificación despois de reparación ou modificación, unha etiqueta cuxas características, formato e contido serán as seguintes:

Estará confeccionada cun material resistente aos axentes externos, tanto climáticos como á abrasión e aos impactos.

Será de tipo adhesivo, co obxecto de fixala de forma permanente e plenamente visible no instrumento ou nalgún elemento da instalación que o soporte.

Será de natureza autodestrutiva no caso de que se produza o seu desprendemento, co obxecto de evitar a súa nova adhesión no mesmo instrumento ou en calquera outro.

Terá forma rectangular e as súas dimensións dependerán do tamaño do contador.

O seu contido será o que se establece no gráfico seguinte

Verificación realizada de acordo coa Orde do de 200...											
ORGANISMO VERIFICADOR N.º de identificación: Selo:						Resultado da verificación CONFORME E VÁLIDO ATA					
I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII
2009		2010		2011		2012		2013		2014	

As letras e as series de díxitos que se encontran nas dúas liñas inferiores do cadro indican meses e anos, debendo perforarse aqueles en que caduque a validez da verificación realizada.

A etiqueta deberá incluír o número identificativo e o selo do organismo que efectuase a verificación.

O sistema contador de persoas deberá precintarse unha vez levada a termo tanto a verificación despois de reparación ou modificación como a verificación periódica, co obxecto de impedir calquera posibilidade de modificar as súas características metrolóxicas.

ANEXO V

Etiqueta de inhabilitación para o servizo

Todo sistema contador de persoas verificado con resultado negativo deberá levar adherida, co obxecto de acreditar que non se superou satisfactoriamente a verificación despois de reparación ou modificación ou a verificación periódica, unha etiqueta de inhabilitación para o servizo, cuxas características, formato e contido serán os seguintes:

Estará confeccionada cun material resistente aos axentes externos, tanto atmosféricos como á abrasión e aos impactos.

Será de tipo adhesivo, co obxecto de fixala de forma permanente e plenamente visible no instrumento ou nalgún elemento da instalación que o soporte.

Será de natureza autodestrutiva no caso de que se produza o seu desprendemento, co obxecto de evitar a súa nova adhesión no mesmo aparello ou en calquera outro.

Terá forma cadrada e as súas dimensións dependerán do tamaño do contador.

O seu contido será a palabra «RECHAZADO», en maiúsculas, en negro sobre fondo vermello.

RECHAZADO

A etiqueta de inhabilitación para o servizo irá acompañada do número ou identificación do servizo ou organismo autorizado pola Administración pública competente que realízase o control metrolóxico.

MINISTERIO DO INTERIOR

4687 *ORDE INT/703/2006, do 3 de marzo, pola que se ditan instrucións para a adquisición de material explosivo e cartuchería metálica por parte dos corpos de policía das comunidades autónomas e das entidades locais. («BOE» 63, do 15-3-2006.)*

O artigo 1.3 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, na redacción dada a este polo Real decreto 277/2005, do 11 de marzo, exclúe do ámbito de aplicación do citado regulamento os corpos de policía das comunidades autónomas que, en virtude dos seus estatutos, teñan competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública e contén con unidades de desactivación de explosivos, remitíndoos ao que se preveña na súa normativa especial.

Por outra parte, a adquisición, tenza e uso de cartuchería metálica para estes mesmos corpos de seguridade, así como para os pertencentes ás entidades locais, está regulada na Orde ministerial, do 31 de maio de 1984, pola que se dan normas sobre adquisición de cartuchería metálica para a dotación e os exercicios de tiro dos membros da policía das entidades locais, así como dos vixilantes xurados de seguridade e gardas xurados de explosivos, modificada pola Orde do 29 de xuño de 1990. Esta orde está na actualidade parcialmente obsoleta xa que se ditou con anterioridade á aprobación do vixente Regulamento de explosivos, polo que é necesario actualizar o seu contido.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. Adquisición de material explosivo.

1. A adquisición de material explosivo polos corpos de policía das comunidades autónomas que contén con unidades de desactivación de explosivos requirirá o acordo anual da Xunta de Seguridade respectiva e, unha vez adoptado este, a comunicación previa á Dirección Xeral da Garda Civil da cantidade, clase de produto e procedencia da adquisición do citado material por parte do departamento do cal dependen os devanditos corpos.

2. O transporte deste material realizarase de acordo coas disposicións do vixente Regulamento de explosivos, para o cal estes corpos de policía poderán prestar a seguridade necesaria, dentro do ámbito xeográfico da súa comunidade autónoma.

Segundo. Adquisición de cartuchería metálica por parte dos corpos de policía das comunidades autónomas.—A adquisición de cartuchería metálica polos corpos de policía das comunidades autónomas requirirá, igualmente, o acordo e a comunicación nos mesmos termos a que se refire o parágrafo primeiro do punto primeiro, coa expresión da cantidade, clase de produto e procedencia.